



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2024/G003/001044

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Convocatoria Plazas Escuela Infantil Municipal CURSO 2024-2025)

DECRETO. Aprobación de acordos da Convocatoria da Comisión de Baremación da EIM Flora Ramos e listas provisionais de admitidos para o curso 2024/2025

De conformidade co contido da acta da comisión de Baremación da Escola Infantil Municipal Florita Ramos celebrada o 21 de maio de 2.024.

De conformidade co Regulamento da Escola Infantil vixente aprobado polo pleno o 28-6-2012 (BOP nº185 de 27/09/2012) e o Baremo da Xunta de Galicia de 23-2-15 (Doga Nº36)

En función das competencias atribuídas a esta alcaldía pola Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local,

RESOLVO:

1.- A aprobación da Acta da comisión de Baremación da Escola infantil municipal para o curso 2024/2025 celebrada o día 21 de maio, nos seus termos.

2. A aprobación das listas provisionais de admitidos/as para os grupos 0-1, 1-2 e 2-3 anos.

Nos casos nos que falta documentación esta deberá ser aportada ao expediente antes do fin de prazo que lles foi conferido consonte o artigo 68 da Ley 39/2015.

3. Abrir un prazo extraordinario no mes de agosto para novas solicitudes tendo en conta o número de vacantes na aula de 2 a 3 anos, que é de 13 vacantes.

4. Segundo o artigo 21 do regulamento municipal da Escola infantil, os solicitantes que o desexen poderán efectua-las **reclamacións** que estimen oportunas á relación provisional de admitidos/as no prazo de **10 días hábiles** contados dende a data de exposición das listas.

4-Dease publicidade á presente resolución así como as listas provisionais de admitidos/as na páxina web municipal, no taboleiro municipal así como no taboleiro da propia escola infantil.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.